O peón,
un mundo de amigos

Amics
de la baldufa

1.1 *Por aquel entón...*

A **orixe** do peón pérdese na alba das civilizacións e é difícil de concretar o lugar xeográfico ou o contexto cultural en que apareceu por primeira vez. A aparición de diferentes mostras e restos en diversos xacementos arqueolóxicos permítenos pensar que foi así.





Posiblemente, as **culturas primitivas**, que usaban as pedras para cazar animais comprobaron que se a pedra tiña unha forma concreta e se lanzaba mediante unha corda ou cordel, este imprimíalle un **movemento de rotación** cuxo resultado era un desprazamento da pedra máis controlable e preciso. Un elaborado dominio deste sistema podería ser o principio da tirafonda, instrumento que une a precisión a un maioralcance da pedrada.

Se buscamos as orixes do peón tal como o coñecemos actualmente, témonos que remontar ás culturas da Idade de Pedra. Nos restos arqueolóxicos dos poboadores das illas Célebes observouse que algúns instrumentos ou armas dedicadas á caza aproveitaban a forma e a técnica do peón para poder lanzalas a maior velocidade. O que non sabemos é se aproveitaban pedras de forma parecida ao peón ou eran pedras lixeiramente retocadas para conseguir a forma desexada.



1.2 *De Exipto a Roma*

No **Antigo Exipto** os peóns estaban presentes en cerimonias e xogos, tal como o demostran algúns papiros con debuxos de diferentes variedades de peóns. Non sabemos moitas cousas sobre estes pequenos obxectos porque non foi nunca tema de estudo dos exiptólogos. Só sabemos que estaban tados de cores vistosas.

En Grecia eran coñecidos co nome de "strobilo", "strombo" ou "bembix". O poeta grego **Callimaco** cítaos e descríbeos como un xoguete moi antigo. **Aristófanes** alude a este xogo na súa "Comedia dos paxaros", na que un personaxe lle di a outro que ten un látego para pegarlle e facerlle bailar coma un peón.

Platón tómaos como exemplo do movemento e o repouso simultáneos, cando fala dun mancebo que se movía con gran suavidade e sen desprazarse de lugar, comparándoo con "un peón que baila sen cambiar de sitio". Na Ilíada, Homero describe a un personaxe que se cambalea como un peón que está dando as súas últimas voltas.

En Roma, Virxilio compara o peón coa raíña Amata, picada polo aguillón do deus Juno e que dá voltas polas rúas. Precisamente foron as lexións romanas as que estenderon, ao ritmo das súas conquistas, a tradición do xogo do peón.

Os romanos fomentaban o peón entre os seus fillos como unha fórmula para evitar que o xogo de dados -moi popular tamén por aqueles tempos- botase raíces nos máis pequenos. Segundo eles, a habilidade e a destreza que son necesarias para lanzar o peón tiñan máis virtudes que o xogo de dados, que estaba vinculado ás perniciosas apostas de cartos.

2.1 *Proceso de fabricación*



Desde sempre a fabricación do peón foi unha tarefa artesá non especializada. Os carpinteiros, **os fabricantes de cadeiras**, eran os que acostumaban facer este xoguete que adoitaban pedir os raparigos.

Actualmente a fabricación dos peóns é un traballo especializado que foi minguando pero que se tecnificou cada vez máis e máis.

En Cataluña aínda se pode atopar na comarca de Osona empresas con procesos industriais á beira duns cantos **artesáns** que non pararon de producilos.

Malia á súa aparente simplicidade, a fabricación dun peón require un proceso axustado, porque as leis físicas que os gobernan obrigan a que estea perfectamente equilibrado.

O resultado final sobre como bailará o peón tamén depende do material usado na súa fabricación. Así, unha madeira máis pesada logrará que un peón sexa máis bailador, mentres que unha madeira máis lixeira farao máis inestable. Por este motivo, os peóns de buxo, carballo e aciñeira son os máis apreciados.

1.3 *Outros continentes e outras culturas*

Os peóns foron introducidos no Xapón hai aproximadamente uns 1200 anos, procedentes de **China e Corea**. Como tantos outros produtos importados, ao principio foron un privilexio da aristocracia pero máis tarde popularizáronse e estendéronse ao resto da sociedade.
A riqueza formal e decorativa dos peóns daquel país confírelles a consideración de obxecto suntuario e reverte aos seus construtores unha grande admiración e consideración social. Os peóns xaponeses constitúen unha significativa mostra da **gran sabedoría** no tratamento dos materiais e acabados, propios da artesanía daquel pobo.

O peón atravesado por un fino eixe é de orixe chinesa, pero tamén se acharon exemplares pertencentes á antiga civilización dos papúes. Na **Nova Guinea e Borneo**, os indíxenas fan virar peóns logo da sementeira, nun ritual para estimular o crecemento dos novos xermolos.

Tamén era coñecido en **América do Sur**, moito antes da chegada dos europeos, tal como o demostran os restos prehistóricos atopados no **Perú.** Os materiais e as formas utilizadas eran moi diversos e abranguían desde madeiras de todo tipo a ósos, marfil de morsa, pedra, corno, etc. Estes materiais básicos ían cambiando segundo a contorna natural de **cada pobo. .**

Os nenos indios da tribo Thompson da Columbia Británica eran moi habelenciosos en converter en peóns os produtos naturais da súa contorna: noces, landras e até as pedras dos ríos ou lagos, que facían bailar sobre o xeo.
Os peóns estaban decorados e pintados en franxas concéntricas de cores azul, branca, negra e vermella. O xogo consistía en lanzar o peón contra o do adversario, co obxectivo de partilo pola metade.



1.4 *Europa: da Idade Media até os nosos días*

Durante a **Idade Media** o peón estaba bastante estendido por toda Europa, principalmente na Inglaterra do **século XIV**, onde se asociaba a diversas cerimonias cristiás. Cada parroquia tiña o seu propio peón e todos os anos, na última semana antes da Coresma organizábanse carreiras de peóns nos camiños que ían dunha a outra parroquia. Cando os peóns paraban de bailar se gardaban até o ano seguinte e dicíase que durmían. De aí a expresión "to sleep like a top" (durmir coma un peón).

Na Alemaña medieval naceu unha tradición xudea que se conmemoraba en todas as comunidades hebreas. Durante os oitos días da celebración do "Hannukah", a principios de xaneiro, vendíanse e facíanse virar uns peóns de catro caras nas que estaba escrita unha mensaxe en hebreo: "Nes Gadol

Hayah Sham" (Alí ocorreu un gran milagre). Segundo o Lalmud/Talmud, o milagre produciuse cando os macabeos volveron conquistar o Templo de Xerusalén aos sirios o ano 165 a.C. Case non había aceite para manter as lámpadas acesas, pero de xeito milagreiro estas seguiron iluminando durante oito días até que chegaron as novas subministracións .

Durante o **século XVI** fabricáronse en Estrasburgo uns peóns chamados "habergerss". Rabelais recórdanolo nun escrito no que deixou constancia deste nome, cando di quede pícaro xogara con eles.

No **século XVIII** foi habitual que nas prazas e rúas de toda Europa se utilizaran as buxainas no canto dos dados como forma de xogo popular. Eran unhas buxainas de seis ou oito caras numeradas; facíanse virar co dedo polgar e, ao deterse, amosaban o número gañador na cara superior. Estes xogos de mesa, xunto aos dosraparigos, son os que nos chegaron até os nosos días.

2.2 *Tipoloxía dos peóns*

Como o peón é un xoguete de construción artesá, as súas formas e tipoloxías foron moi variadas e extensas: desde as máis sinxelas, que se constrúen aproveitando sementes, até as fabricadas en madeira ou metal de maneira industrial.
Probablemente, o xeito máis simple de clasificar os peóns sexa segundo a forma en que se accionan para facelos bailar. Por iso é polo que podemos atopalos agrupados en tres grandes grupos:



Bailaretes:
Peóns xeralmente pequenos que se impulsan mediante un enérxico movemento de rotación realizado coas puntas dos dedos índice e polgar.

Bébedas:
Fanse virar mediante unha corda, ás veces atada a un pau e en forma de látego.

Peóns:
Accionados cunha piola (ou baraza) envolvida no seu corpo, lánzanse coa man para facelos virar.
Ademais destas tres definicións xenéricas, podemos atopar outros tipos de peóns accionados mediante mecanismos diferentes como cremalleiras, espirais, etc.



2.3 *Os materiais*

Os materiais para fabricar peóns poden ser diversos, dependendo da finalidade á que se destinen. Tradicionalmente, **a madeira** foi o material máis apreciado para fabricar os peóns. O buxo, a faia e a aciñeira son os tipos de madeira que polas súas calidades de densidade, dureza e resistencia foron as máis utilizadas na Galiza.

Outro material moi utilizado na construción de peóns é a **folla de lata**. Neste caso, adoitan seren peóns grandes, decorados con vistosas serigrafías de córes e debuxos de temática infantil. Ao ser xoguetes de produción industrial e non artesá, teñen un amplo abano de formas, sistemas de accionamento e efectos **sonoros, ópticos ou o aluminio.** Ultimamente incorporáronse outros materiais como o **plástico, as resinas melódicos**.

Nos países non industrializados, os produtos naturais que os artesáns teñen ao seu dispor seguen sendo os máis utilizados para construír os peóns. Deste xeito, podémolos atopar de **sementes, cana, óso, marfil e ámbar.**

2.4 As formas e a imaxinación

Nun pasado remoto, os peóns eran obxectos considerados máxicos, só ao alcance de meigos ou feiticeiros que os usaban para predicir o futuro. As súas formas, cores e inscricións eran coidadas como parte da maxia que se lle supoñía ao enxeño. Posteriormente perderon o seu carácter máxico e convertéronse nun xogo popular tradicional, estendido a todo o mundo.

Se de sempre a rapazada supliu con imaxinación a falta de diñeiro, agora podemos utilizar a reciclaxe para facer peóns con elementos moi sinxelos. Quizais algúns obxectos tirados ao lixo se poderían reciclar e convertelos en peóns ou buxainas. Só é necesario poñerse ao choio e probar. **Recuperar a imaxinación** que converte, con poucos retoques, un tapón de plástico e un carrete de fío -e coma eses, mil outros obxectos cotiás- nunha perfecta buxaina que nos sorprenderá a maioría das veces polo ben que baila.

O Xapón é o país onde atopamos máis formas e variedades. Actualmente pódense atopar máis de **1000 clases** de peóns. As súas formas van desde as máis simples que se fan virar cos dedos até as máis elaboradas, utilizadas en espectáculos. As súas medidas van desde uns poucos centímetros até case un metro nos máis grandes.

3.1 *Os xogos máis populares*

A maioría dos xogos co peón que se practicaban ou practican en España son aqueles nos que fai falta tocar o peón doutro xogador baténdoo co propio. Non entanto, existe unha gran variedade de xogos segundo as comarcas ou as poboacións. Joan Amades recolleu no seu libro "Folklore de Catalunya" os costumes, as cancións e os xogos máis coñecidos e populares:



"Ao rebumbio':
Co extremo do peón trázase un amplo círculo no chan; todos os xogadores lanzan o seu peón dentro do círculo e ten que saír bailando. Se queda dentro, os outros xogadores, ao lanzar o seu, tratan de sacalo cun golpe e, se o conseguen, quedan con el.

"Avanzar postos":
Trázanse no chan dúas liñas paralelas a unha certa distancia. Sobre unha delas colócanse peóns e desde a outra cada xogador lanza o seu e gaña os peóns que toque mentres o peón estea bailando. Os peóns non poden bailar fóra do espazo limitado polas liñas.

"Dobre círculo":
Trázanse dous círculos concéntricos. Os xogadores han lanzar o peón dentro do círculo interior. Se non o conseguen ou se o peón, ao bailar, sae del, fai falta devolvelo ao círculo pequeno e todos os xogadores teñen dereito a intentalo golpeándoo cos seus peóns.

"Á cruz":
Márcase unha cruz no chan. A graza do xogo consiste en lanzar o peón o máis perto posible do vértice. Todos os xogadores teñen dereito a atacar o peón que vaia máis lonxe e quen o consegue, queda con el e gaña.

3.2 *Como xogar?*

O **peón** é un dos xogos tradicionais que perdurou sempre e se practicou durante moitas xeracións. Poderiámonos perder no tempo recordando os bos momentos de xogo nos que o peón acompañounos bailando sobre o chan e sobre as nosas propias mans.

Como podemos xogar?

Para facer bailar o peón envólvese un cordel (piola ou baraza) desde a capa até o ferrón, manténdoo tirante. Hase procurar que as voltas queden xuntas e apertadas entre si. Envólvese até a metade do peón e o cabo sobrante sostense coa man.
Unha vez enredado o peón, aguántase coa man, colocando o índice na capa e o polgar, no ferrón. Levántase o brazo e lánzase con forza ao chan mentres se estira a piola. Se todo vai ben o peón queda no chan virando velozmente.

Cando o peón colle a velocidade e estabilidade máximas e queda aparentemente inmóbil, é o momento idóneo para recollelo coa man sen que deixe de bailar.
É, sen dúbida, un xogo para poñer a proba as nosas habelencias. Un xogo para maiores e pequenos. Sen baterías, sen mando a distancia. **Animádesvos a probalo?**





3.3 *Un xoguete universal*

O peón é un obxecto cunha **riqueza multicultural** como poucos xogos teñen. Este xogo implica unha relación de **igualdade** entre as persoas, que supera as barreiras que existen entre as diferentes **culturas, idades e estratos sociais**. Vexamos algúns exemplos desta diversidade:

No norte de África, os nenos da cultura bereber xogan ao "zarbot sufoj timiad" (o peón que saca moedas). Dentro dun círculo debuxado no chan colócase unha moeda. O obxectivo do xogo é sacar a moeda co peón, que será lanzada alternativamente polos xogadores. Un xogo moi semellante, chamado "ao sacar moedas" tamén se xoga en **Bolivia e Porto Rico.**

O peón era un dos xoguetes máis estendidos entre os nenos **indios pel vermella** americanos. Os nenos **Yuma de Arizona** tiñan peón coa punta chá e xogaban a facelo bailar e a perseguilo, intentando facer o mesmo percorrido ca el. Os **sioux** facían buracos no xeo de ao redor dos lagos xeados e xogaban a colocar alí os peóns. Tamén os nenos **esquimós** da baía de Hudson xogaban ao peón facéndoo bailar dando voltas rapidamente ao redor da casa.



3.4 *O xogo como soporte publicitario*

O **recordo** do peón asociámolo a bos momentos da infancia. Esta característica, xunto coa receptividade que ten o xogo entre os nenos e pícaras, fixo que sexa utilizado como soporte publicitario por parte de **empresas** dos máis diversos sectores.
Desgraciadamente, con demasiada frecuencia estes agasallos promocionais en lugar de facer manter o peón deixan paso a outro tipo de obxectos que imposibilitan **o xogo tradicional**, reducíndoo a un xogo solitario de contemplación ou de adorno inútil.
A finais do século XX, a globalización dos xoguetes infantís levou a unha progresiva homoxeneización. Para loitar contra iso quizais fai falta recuperar aqueles sinais de identidade que queremos preservar da nosa cultura e que queremos legar ás xeracións futuras.
É por isto que estamos en condicións de reivindicar que o xogo do peón ocupe un espazo no lecer dos nosos fillos e fillas. Un xogo que practicaron tantas culturas a través da Historia non **se merece desaparecer** ante a sofisticación tecnolóxica.

4.1 *Un mundo que vira*

Peóns moi grandes, peóns moi pequenos

O peón -como a roda- tivo que inventarse. Foi considerando desde un xoguete até un obxecto de culto e, a diferenza da roda, non ten unha utilidade inmediata. Pero na natureza hai poucos obxectos naturais que teñan forma de roda ou de peón. E case non existen animais que se despracen virando. Iso, contrastado coa gran cantidade de obxectos artificiais que son móbiles como as máquinas, que inclúen elementos xiratorios. Porén, no mundo que nos rodea podemos ver algúns vestixios dun mundo que vira. Só fai falta afastarse e ir ao espazo ou penetrar nas fonduras da materia.

Gran escala: Os corpos celestes

O Universo está formado por corpos que viran. Todos os astros (estrelas, planetas, asteroides...) viran ao redor dun eixe e uns ao redor dos outros. Mesmo as galaxias viran... Parece que o estado natural de movemento dun corpo celeste é o xiro. Podemos afirmar que o Universo

está formado por grandes peóns que non paran de virar.

.

Pequena escala: O mundo atómico ou subatómico

A nivel atómico vemos que as diferentes partículas constituíntes da materia tamén viran unhas ao redor das outras e sobre si mesmas. Viran e non se poden deter de ningún xeito. Cada partícula elemental ten unha cantidade de xiro intrínseco chamada **“spin”.** Podemos afirmar que a materia está formada por pequenos peóns que non paran de virar.

4.2 *O movemento de translación do peón*

Unha vez lanzado, o peón evouciona **dando voltas** sobre si mesmo e describindo unha traxectoria máis ou menos circular. É habitual na Física que ao estudar fenómenos de certa complexidade se descompoña o movemento. No caso do peón sería un de rotación e outro de translación.

Gran parte do misterio dos peóns áchase no movemento de rotación. Aínda así un bo afeccionado aos peóns terase preguntado tamén de que depende a **traxectoria** descrita polo peón. Na imaxe pódese ver a punta redondeada dun peón. Se fose completamente aguzada non podería avanzar. Pero ao ter a punta un certo tamaño e inclinación, avanza ao mesmo tempo que roda.





A translación do peón fai que o eixe cambie de orientación e provoca que o peón se coloque cada vez máis ergueito. Iso é o que observamos xusto logo de lanzalo.

Se a velocidade de rotación do peón é o suficientemente rápida, a precesión será lenta e describirá unha circunferencia completa, se estaba inicialmente inclinado. Nestas condicións se **T** é o período de rotación do peón e **Tt**, o de translación, un càlculo nada complicado amósanos que:

$$T_s = T_t \frac{r \sin\delta}{R}$$

na que **&** é o ángulo de inclinación do eixe do peón a respecto da vertical, **R** é o radio da circunferencia descrita no movemento de translación e **r** o radio da punta redondeada do peón



Deste xeito podemos saber con que rapidez vira un peón medindo o que tarda en describir unha circunferencia e o radio desta.

4.3 *Desvelemos os misterios da rotación*



A razón do movemento tan complicado que ten o peón baséase na acción da **gravidade**. As únicas forzas que actúan sobre o peón son o seu peso e a forza que fai o chan sobre a súa punta. Son as mesmas forzas que actúan sobre unha mesa ou unha cadeira.
Se o peón non vira, este par de forzas (peso e reacción do chan) **fano caer**, evidentemente, como caerá unha cadeira cando a inclinamos. Pero se vira hai dous efectos que debemos considerar. Por unha banda, a lei de conservación do momento angular dinos que o peón tenderá a conservar o seu estado de xiro; por outro, o par peso-reacción do chan tende a desequilibrar este xiro. O resultado é un movemento do eixe do peón ao redor da vertical e un leve desprazamento arriba e abaixo deste eixe e o cabeceo. O primeiro movemento chámase **precesión** e o **cabeceo** recibe o nome de nutación.



A precesión é máis apreciable cando o xiro que ten o peón inicialmente non é moi rápido. Iso explícanos o movemento espectacular e máxico do peón nos últimos instantes antes de que **"morra",** a causa do frotamento, diminuíu a súa velocidade.
O problema da rotación do peón fascinou aos **físicos** durante moito tempo. A súa resolución puxo a proba máis dunha teoría física.
A solución destas ecuacións permite predicir o movemento dun peón sempre que se coñezan as características xeométricas, a velocidade inicial de xiro e a inclinación.

$$L = \frac{1}{2} I_1 \dot{\theta}^2 + \frac{1}{2} I_1 \dot{\phi}^2 \sin^2\theta + \frac{1}{2} I_3 (\dot{\psi} + \dot{\phi}\cos\theta)^2 - Mgl\cos\theta$$

$$\frac{d}{dt}\left(\frac{\partial L}{\partial \dot{q}_i}\right) - \frac{\partial L}{\partial q_i} = 0 \qquad q_i = (\theta, \psi, \phi,)$$

4.4 *Máis cousas que dan voltas: non todo son peóns*

Hai fenómenos que teñen unha explicación análoga á do movemento do peón e, en particular, na chamada 'Lei de conservación do movemento **angular'.**

O movemento angular é unha medida da cantidade de xiro dun obxecto e a de orientación do eixe de xiro. Así, depende basicamente da velocidade de xiro, da distribución da masa que vira e da dirección do eixe de rotación. A lei de conservación dinos que a variación dun destes elementos pode estar prohibida ou implicar a variación doutro. Cando a **bailarina** inicia o seu xiro faino a modiño, lentamente. E de súpeto, ao xuntar os brazos, empeza a virar freneticamente para poder conservar o seu movemento angular.

Os chutes de balón 'con efecto' pódense realizar grazas a que dotamos ao balón dun movemento de rotación. Sen esta rotación a pelota seguiría unha traxectoria parabólica. Pero ao ter este xiro, o balón desvíase lixeiramente cara a un lado o que permite enganar ao porteiro do equipo contrario e marcar un gol. A desviación lateral da pelota é debida ao chamado **efecto Magnus**. O mesmo que nos axuda a explicar por que voa un avión e as rarezas da traxectoria que segue o boomerang. O efecto Magnus non intervén, en cambio, na explicación dos movementos do peón. Tampouco ten nada que ver coa conservación do movemento angular.

Os rifles teñen unha canalización interna para dotar dun xiro ás súas balas. Deste xeito dáselle á bala un movemento angular e a súa conservación fai que a bala chegue “de punta” ao seu obxectivo. Iso non era necesario nos antigos canóns que disparaban balas esféricas.

5.1 *As danzas e os ritos*

O movemento circular ha ter sempre un gran poder de atracción e de fascinación. Tanto é así que moitas culturas lle deron ao longo da Historia unha connotación máxica a obxectos e rituais que implicaban o movemento circular.

Os derviches -homes místicos da relixión sufí- son coñecidos por efectuar unha danza na que os participantes dan voltas e reproducen coreograficamente a situación dos **planetas do sistema solar**. Mediante unha composición chea de ritmo, harmonía e simbolismo, os seus movementos circulares buscan que o interior da alma humana entre en sintonía coas forzas primordiais.

Os pobos **maoríes de Nova Zelanda** efectuaban rituais adiviños, relacionando os movementos circulares do baile dos peóns cos simbolismos astronómicos. Do mesmo xeito algúns pobos africanos e do Oriente Medio fan bailar peóns durante as cerimonias rituais de carácter agrícola como un xeito de interrogar ao oráculo.

Non tan lonxe, no pobo de **Anguiano (A Rioxa),** cada ano, polas festas de Santa Madalena, os homes baixan sobre chancas polas rúas do pobo tocando as castañolas, dando voltas e círculos acompañados pola música de tambores e gaitas.

O xogo do “ganxet”, que consiste en collerse das mans e deixar balancear o corpo cara atrás dando voltas até o mareo e que practican e practicarán todos os nenos e nenas, é unha proba evidente da continuidade e atracción que exerce o movemento en todos nós. .

5.2 *A palabra peón nas linguas do mundo*

5.3 *As mil e unha representacións dun símbolo*



Un obxecto con tantos anos de historia facilmente traspasa a súa primitiva función de xogo para converterse case nun símbolo. Na nosa sociedade, na que a comunicación entre as persoas está dominada pola **información visual**, o peón toma forma e presenza en multitude de representacións gráficas de diferente significación.



Témolo diariamente na nosa contorna, levado da man polo mundo **da arte, da ciencia, da moda** e de diferentes colectivos que queren salientar os valores do movemento, o xogo, a acción, a fraternidade... Deste xeito, o peón está presente en moitos faladoiros e comidas da nosa terra ao estar gravado no vidro de milleiros de botellas, representando a marca dunha coñecida empresa de licor.

Decatástesvos da grande cantidade de libros **escolares e de revistas infantís** nos que, colocado en portada, o peón adquire un protagonismo preferente?

Tamén **a publicidade** atopou moitos significados e utilidades, usándoo para captar aos seus clientes. E activas asociacións cívicas téñeno como representación da entidade ou como elemento para difundir as súas **actividades culturais**.

5.4 *Unha comunidade virtual*

A aparición de **Internet** rompeu, posiblemente, as últimas barreiras da comunicación. Viaxando polas autoestradas da información perdéronse as distancias e os afeccionados de calquera lugar do mundo poden comprar ou vender material a calquera outro, dar a coñecer a través das súas "webs" as súas colecciónsactividades, etc.



Estas "webs", como pequenos escaparates abertos as 24 horas do día, poñen os seus contidos ao alcance de millóns de cibernautas que piden información ou se interesan polo peón. Desde **Australia a Israel**, desde **Catalunya ao Xapón**, ou desde **Suecia aos Estados Unidos de América**, creouse unha comunidade virtual que, a través do correo electrónico, se intercambia opinións, pásase información e dáse a coñecer as novidades.

Spinning top Rock

Devin T. estudante de trece anos dunha escola elemental de Washington tiña como deberes facer un traballo sobre as formacións graníticas. Primeiro realizou o estudo en diversas enciclopedias e cd-rom's. Despois utilizou Internet e atopou un tema do que podía sacar mollo. Utilizando o correo electrónico estableceu contacto cun compañeiro da súa idade, Carlos Ou., que lle facilitou máis información e finalmente a fotografía do que buscaba desesperadamente: a "The Spinning Top Rock", é dicir, o peón de pedra. Unha das numerosas pedras talladas polo vento e o tempo que se atopa no Parque Natural de "A Cidade Encantada", a 30 km de Cuenca. Unha vez entregado o traballo, púxoo a disposición de todo o mundo a través de Internet.



http://www.terra.es/personal2/fercar/webesp.htm

Na web da Asociación encontrará a información sobre as nosas actividades.